

## **ORIENTACIÓNS SOBRE ZONAS POTENCIAS DE ACUMULACIÓN DE LIXO MARIÑO. IDENTIFICACIÓN, LOCALIZACIÓN E COMPROBACIÓN DA EXISTENCIA DE RESIDUOS.**

### **ACTIVIDADES DE RECOLLIDA ACTIVA**

#### **1. ¿Que se entende por zonas de acumulación/zonas potenciais de acumulación?:**

As zonas potenciais de acumulación son aquelas que pola súa localización e/ou características climatolóxicas-oceanográficas, cambios na dirección do fluxo, baixa velocidade de corrente, topografía costeira, etc. favorecen a acumulación de residuos sólidos.

Tradicionalmente estas zonas, tanto no submareal como no intermareal acumulan unha maior cantidade de residuos que outras áreas próximas. Ao estar afectadas por factores ambientais externos, a súa localización pode variar de xeito estacional debido aos ventos predominantes en diferentes períodos do ano.

Outros factores que poden dar lugar a zonas de acumulación son a existencia de verteduras procedentes de terra (desembocaduras de ríos, proximidade a vertedoiros, etc.), usos da costa, conflito entre artes de pesca estáticas e dinámicas, tráfico marítimo, elevadas concentracións turísticas ou puntos onde antigamente se vertían residuos.

#### **2. Identificar e localizar zonas potenciais de acumulación de residuos. Comprobar que existen puntos ou zonas potenciais de acumulación.**

- a) Localización da zona potencial de acumulación: coordenadas, extensión aproximada.
- b) Descrición dos residuos detectados:
  - i. Por materiais (plástico, metal, madeira, vidro, etc.),



OU

- ii. Tendo en conta aqueles obxectos/ítems máis abundantes na zona (ex. restos de pesca e acuicultura, defensas de embarcacións, derivados do turismo costeiro, etc.)
- c) A información pode obterse mediante:
- i. Datos procedentes de experiencias de pesca/recollida de residuos mariños previas realizadas. Información sobre residuos procedentes de proxectos/estudos de pesca de residuos activa o pasiva que permitan facer unha estima aproximada do material acumulado nunha zona concreta.
  - ii. Datos procedentes de limpeza, tanto na zona intermareal como na submareal, de residuos de orixe antropoxénico:
    - Intermareal: observacións recollidas durante os días de traballo no marisqueo a pe ou a través do seguimento do descritor 10 de la DMEM (lixo mariño) no marco do plan de xestión, de ser o caso.
    - Submareal: observacións recollidas durante os días de traballo tanto de marisqueo a flote, mergullo ou de pesca; ou a través do seguimento do descritor 10 de la DMEM (lixo mariño) no marco do plan de xestión, de ser o caso.
  - iii. Resultados de enquisas/entrevistas a pescadores, mariscadoras, mergulladores, autoridades portuarias, etc. que indiquen aquelas zonas nas que só existir unha maior acumulación de residuos.
  - iv. Datos procedentes de mergulladores recreativos ou profesionais que fagan as súas inmersións nas zonas
  - v. Documentación bibliográfica: informes técnicos, etc.
  - vi. Documentación visual: fotos xeorreferenciadas, vídeos obtidos con mergulladores, etc.
  - vii. Tecnoloxía: dróns (residuos flotantes), sonar de barrido lateral (acumulación de residuos nos fondos), etc.